

VIEIROS

Cartafol


Xestionado por [Héitor Mera](#)

Paco Martín: A bisneta lercha

Os contos de sempre

A bisneta lercha

Paco Martín

Galaxia, Vigo, 2006. 124 páxs., 11 

Paco Martín recolle neste volume catro contos que tentan ser unha adaptación á actualidade e á Galicia de hoxe de contos infantís clásicos como *O parrulo feo*, *O gato con botas* ou *Carapuchiña vermella*. A comprensión plena destes contos precisa, xa que logo, un lector que sexa quen de comparar o conto tradicional infantil coa actualización que ofrece o autor. Non obstante, un lector que non capte este sentido de transgresión ou recreación de contos infantís clásicos pode así mesmo gozar coa lectura destes relatos, posto que cumpren co que se lle pide a este xénero en canto a brevidade, capacidade de síntese ou desenlace sorprendente.

- 09:07 18/07/2006

O conto que abre a serie, "Perdición", non pode relacionarse con ningún conto en concreto. Non obstante, retoma un motivo característico do conto infantil: a viaxe iniciática polo bosque, entendido este como espazo máxico. A protagonista do relato busca aventuras no bosque, como as que leu nos contos. Pero o bosque xa non é un espazo máxico pois aparece ocupado por motos de cros, algunha parella que fai o amor... Pero Clemen, a protagonista, nese espazo atopará un poeta que tamén anda polo monte, que lle abrirá unhas novas perspectivas de vida. O engado do relato reside nesta confrontación entre o maravilloso do conto infantil e a realidade mesmo gris da vida de Clemen. Con todo, a reiteración deste motivo remata por quitarlle forza ao conto.

"O parrulo", segundo conto do libro, é unha recreación d'*O parrulo feo*. O conto infantil adáptase agora ao mundo urbano dos esmoleiros que andan a pedir polas rúas. O protagonista, fuxido dun orfanato e ciclista fracasado, remata, tras exercer de esmoleiro, convertido nun pintor *naïf* de sona e con cartos, grazas á providencial actuación dun marchante de arte. Termina o conto cun final que podemos considerar aberto, aínda que tópico de máis: o desacougo do esmoleiro ante a riqueza vista como cadea e un certo desexo insinuado de abandonar o mundo da arte profesional para recuperar a liberdade.

"Félix" recrea o conto d'*O gato con botas*. É o máis extenso dos relatos e cremos que esta extensión excesiva prexudica o conto. Aparece dividido en dúas partes claras, que non empatan ben entre elas. A recreación do cacique local resulta tópica de máis. Coidamos que é o máis frouxo dos catro relatos.

O conto que pecha o libro, "A rapaza á que todos lle querían ben aínda que non a visen senón unha soa vez" é unha recreación do celeberrimo conto de *Carapuchiña Vermella*. O conto de Paco Martín reescribe *Carapuchiña* en clave erótica e sitúao nun rural galego en proceso de urbanización. Resulta tópica esta

conversión de *Carapuchiña* ao erótico, mesmo coa explicación da simboloxía sexual da cor vermella. O mellor do conto é a descrición do medio rural galego e do seu imparabile proceso de urbanización, que o enche de gasolineiras, tendas de electrodomésticos ou maquinaria agrícola e tamén de modos de vida e valores urbanos e ata globalizados.

O autor emprega un galego rico. Cómpre sinalar a utilización do artigo diante dos nomes propios de persoa (habitual en moitas zonas de Galicia e non sabemos por que desbotada por case todos os escritores e gramáticas pseudonormativas), o emprego en xeral dunha fraseoloxía rica e xenuinamente galega, a colocación anteposta do pronome átono ao infinitivo cando este vai introducido por preposición, o uso de *canda*, *onda* e *xunta* (que moitos dos nosos escritores xa esqueceron), a utilización do posesivo de pertenza exclusiva ou mesmo a interpolación do pronome átono. Segue o autor no emprego do infinitivo conxugado unha liña que é a que, engordado, se vai impondo na lingua culta e literaria: cando o infinitivo ten suxeito distinto do do verbo principal e cando vai precedido por preposición.

Constatamos así que no autor hai unha reflexión sobre a lingua e unha decisión sobre o modelo de galego que utiliza, froito dos xa moitos anos que o autor leva dedicado á literatura e tamén ao ensino. Por iso, estráñannos erros como o emprego continuado da preposición "a" con complemento directo, o uso da forma plena "grande" ante substantivo comezado por consoante ou incorreccións léxicas como "prenda de roupa" no canto de "peza", "habitación" por "cuarto"... Máis criticable resulta o emprego do reflexivo castelanista en "unha media moza... que se botara había dez ou doce días" (páx. 69).

Xa que logo, este volume de contos, sen ser unha obra mestra, pola calidade da súa lingua e pola recreación-transgresión dos contos infantís que todos lemos de cativos, resulta unha lectura máis ca adecuada para estes meses de verán e vacacións.

[mércao en Andel](#)